

O obxecto desta modificación reside principalmente na necesidade de traspor ao ordenamento xurídico español a Directiva 2003/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de novembro de 2003, sobre o folleto que se debe publicar en caso de oferta pública ou admisión a cotización de valores. Ao mesmo tempo, a reforma pretende introducir as reformas necesarias para manter e mellorar a competitividade dos mercados de valores españois evitando o traslado da actividade a outros mercados estranxeiros.

Neste contexto, a nova redacción do artigo 27 da lei recolle os elementos esenciais do contido do folleto. Deste modo, descríbese a información que se debe conter no folleto, os requisitos referentes á persoa que debe subscribilo e a descrición do resumo do folleto. Pola súa parte, o punto 4 deste artigo habilita o ministro de Economía e Facenda para establecer o contido dos distintos tipos e modelos de folletos, as excepcións á obriga de incluír determinada información, os documentos que se deben xuntar aos folletos e os supostos en que a información se debe incorporar por referencia.

Por tanto, esta orde vén dar cumprimento ao disposto no punto 4 do artigo 27 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispón:

Primeiro. Obxecto da orde.—Esta orde ten por obxecto desenvolver o disposto no artigo 27.4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores (en diante, Lei do mercado de valores), especificando o contido e os modelos dos distintos tipos de folletos exhibibles na admisión á negociación de valores en mercados secundarios oficiais e nas ofertas públicas de venda ou subscrición; os documentos que se deberán xuntar; as excepcións á obriga de incluír determinada información; e os supostos en que a información contida no folleto se poderá incorporar por referencia.

Segundo. Contido dos distintos tipos e modelos de folletos.

1. O contido dos distintos tipos de folletos deberase axustar aos modelos incluídos no Regulamento (CE) n.º 809/2004 da Comisión, do 29 de abril de 2004, relativo á aplicación da Directiva 2003/71/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, tendo en conta o tipo de emisor e os valores de que se trate.

Para aqueles valores excluídos do ámbito de aplicación da dita directiva, os distintos tipos de folletos, cando se requiran en virtude do Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, polo cal se desenvolve parcialmente a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, en materia de admisión a negociación de valores en mercados secundarios oficiais, de ofertas públicas de venda ou subscrición e do folleto exhibible para tales efectos (en diante, o real decreto), deberán conter unha descrición dos dereitos inherentes aos valores. Con respecto ao emisor e ao garante, poderán omitir as informacións sobre os activos e pasivos, a situación financeira, os beneficios e as perdas e as perspectivas a que se refire o artigo 16 do Real decreto 1310/2005, do 4 de novembro, cando así sexa apropiado en función da natureza do emisor ou dos valores. Os distintos tipos de folletos deberanse axustar aos modelos aprobados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores (en adiante, CNMV).

No caso de obrigas de pagamento con prazo de vencemento inferior a 12 meses emitidos por entidades de crédito, non será necesario que o folleto inclúa información relativa ao emisor, sempre que este, xa sexa de forma voluntaria ou por exixencia legal, depositase na

CNMV os seus estados financeiros auditados correspondentes aos dous últimos exercicios.

2. Con motivo da aprobación do folleto informativo, a CNMV, en virtude do disposto no artigo 24 do real decreto polo cal se establecen os requisitos para a aprobación do folleto, non poderá exixir epígrafes de información adicionais ás contidas nos modelos a que se refire o punto anterior. Non obstante, cando analice a información achegada polo responsable do folleto, poderá exixir que a devandita información se complete para cumprir o requirido polo correspondente punto do modelo.

Terceiro. Documentos que debe achegar o emisor.—De conformidade co disposto na alínea a) do artigo 26.1 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, o emisor deberalle achegar á CNMV os documentos que acrediten a suxeición do emisor e dos valores ao réxime xurídico que lles sexa aplicable. A CNMV especificará os documentos acreditativos que o emisor deberá achegar en función da natureza do emisor e dos valores.

Cuarto. Omisión de información no folleto informativo.

1. A CNMV poderá autorizar a omisión de determinada información do folleto, se considera que se dá algunha das seguintes circunstancias:

a) Que a difusión da citada información sexa contraria ao interese público.

b) Que a difusión da citada información sexa gravemente prexudicial para o emisor, sempre que non fose probable que a omisión induza a engano ao público en relación con feitos e circunstancias esenciais para facerse un xuízo fundado do emisor ou garante, e dos dereitos inherentes aos valores a que se refire o folleto.

c) Que a citada información sexa de escasa relevancia para unha admisión específica a negociación nun mercado secundario oficial ou noutro mercado regulado domiciliado na Unión Europea e a devandita información non teña ningunha influencia na avaliación da situación financeira nin nas expectativas do emisor ou garante.

2. O prezo final da oferta e o número de valores que se vaian ofertar ao público poderá non incluírse no folleto, cando se cumpra algunha das seguintes condicións:

a) Que figuren no folleto os criterios ou as condicións para determinar os citados elementos ou, no caso do prezo, o prezo máximo.

b) Que as aceptacións de compra ou subscrición de valores se poidan retirar polo menos durante os dous días hábiles posteriores ao depósito do prezo final de oferta e do número de valores que se ofrecen ao público.

O prezo final de oferta e o número de valores ofertados deberanse remitir á CNMV para o seu depósito e deberanse publicar consonte o disposto no artigo 25 do Real decreto polo cal se establecen os requisitos aplicables ao rexistro e publicación do folleto.

3. Cando, excepcionalmente, certa información que deba ser incluída no folleto resulte inadecuada en relación coa esfera de actividade do emisor ou a súa natureza xurídica, ou cos valores a que se refire o folleto, este conterá a información existente equivalente á requirida.

Quinto. Incorporación por referencia.

1. O folleto poderá conter información por referencia a un ou máis documentos que fosen publicados

previa ou simultaneamente á aprobación do folleto. Tales documentos deberán, ben ter sido aprobados pola CNMV ou depositados nela, de conformidade co disposto no real decreto, en particular no artigo 15 que regula a remisión de información anual, ou ben ter sido aprobados por, ou depositados en, a autoridade competente doutro Estado membro da Unión Europea sempre que se trate do Estado de orixe do emisor. Esta información deberá ser a última de que dispoña o emisor.

2. Cando se incorpore información por referencia, débese proporcionar unha lista de referencias cruzadas que lles permita aos investidores identificaren facilmente elementos específicos da información.

3. O resumo non conterá información por referencia.

Disposición transitoria primeira. Incorporación por referencia de información contida en folletos aprobados con anterioridade á entrada en vigor da orde.

Os folletos informativos que se aproben tras a entrada en vigor desta orde poderán incorporar por referencia información contida en folletos informativos aprobados pola CNMV de conformidade coa Directiva 2001/34/CE con anterioridade á dita data.

Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio dos modelos de folletos.

1. Mentres que a CNMV non elabore os modelos de folletos a que se deben axustar as ofertas públicas de venda ou subscrición e as admisións a negociación dos valores excluídos do ámbito de aplicación da Directiva 2003/71/CE, o folleto deberá conter a información exixida polos esquemas e modelos incluídos no Regulamento 809/2004 da Comisión Europea que, atendendo á natureza do emisor e dos valores, determinen en cada caso a CNMV.

2. Mentres que a CNMV non elabore os modelos de folletos para as ofertas públicas de venda ou subscrición e as admisións a negociación de obrigas de pagamento con vencemento inferior a doce meses, a información relativa ao emisor, cando esta se requira, deberase proporcionar de conformidade cos modelos contidos no Regulamento 809/2004 da Comisión Europea ou na Orde do 12 de xullo de 1993, sobre folletos informativos e outros desenvolvementos do Real decreto 291/1992, do 27 de marzo, sobre emisións e ofertas públicas de venda de valores, e na Circular 2/1999, do 22 de abril, da CNMV, pola cal se aproban determinados modelos de folletos de utilización en emisións ou ofertas públicas de valores. A información relativa ao programa de obrigas de pagamento deberase axustar ao disposto no anexo V ou no anexo XIII do Regulamento 809/2004, da Comisión Europea ou aos modelos contidos na citada Circular 2/1999.

3. Así mesmo, mentres que a CNMV non elabore os modelos de folletos para as ofertas públicas de venda ou subscrición dos contratos financeiros a prazo a que se refire a alínea b) do artigo 2 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, o folleto deberá conter a información exixida pola Circular 2/1999, do 22 de abril, da Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde. Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria segunda desta orde, derróganse, en particular:

A Orde do 12 de xullo de 1993, sobre folletos informativos e outros desenvolvementos do Real decreto 291/1992, do 27 de marzo, sobre emisións e ofertas públicas de venda de valores.

A Circular 2/1999, do 22 de abril, da CNMV, pola cal se aproban determinados modelos de folletos de utilización en emisións ou ofertas públicas de valores.

Disposición derradeira primeira. Incorporación de dereito da UE.

Mediante esta orde incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2003/71/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de novembro de 2003, sobre o folleto que se debe publicar en caso de oferta pública ou admisión a cotización de valores.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta norma entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de novembro de 2005.

SOLBES MIRA

Sr. Presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores. Sra. Directora Xeral do Tesouro e Política Financieira.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

18865 ORDE APA/3553/2005, do 15 de novembro, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria. («BOE» 275, do 17-11-2005.)

A gripe ou influenza aviaria altamente patóxena é unha enfermidade infecciosa das aves, incluída na lista do Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal, causada por cepas A do virus da gripe. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria, que traspón a Directiva do Consello 92/40/CEE, do 19 de maio, pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a influenza aviaria.

Dos distintos subtipos do virus da gripe aviaria, a cepa H5N1 é especialmente virulenta polo que, a raíz dos abrochos da devandita cepa que se iniciaron no sueste asiático en decembro de 2003, a Comisión Europea adoptou varias decisións para evitar a introdución desta enfermidade na Comunidade desde os países terceiros afectados. Recentemente, as medidas víronse reforzadas e ampliadas tras a confirmación en Turquía e Romanía de gripe aviaria altamente patóxena causada polo subtipo H5N1 do virus A da gripe, mediante diversas decisións comunitarias, a última das cales é a Decisión 2005/760/CE, da Comisión, do 27 de outubro de 2005, sobre determinadas medidas de protección en relación coa gripe aviaria altamente patóxena en determinados países terceiros, con vistas á importación de aves en cativeiro.